

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE 10 DE ABRIL DE 2015

Visto o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que no apartado i) atribúe o Alcalde-Presidente da corporación a Xefatura Superior de todo o persoal, sendo ésta unha competencia indelegable.

Vista a Providencia e a proposta das Bases de Selección da Concelleira de Réxime Interno.

Vista a resolución de Alcaldía do 22 de decembro de 2014, no que se aproban as Bases da convocatoria de oposición para a selección de persoal laboral temporal do posto de psicólogo/a do IM de Drogodependencia

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobación o nomeamento do Tribunal de selección de dito proceso selectivo ó abeiro das Bases, co seguinte detalle

Presidente: José María Baños Campo (Secretario Concello de Monforte de Lemos)

Suplente: Elisa Fernández Rodríguez (Bibliotecaria arquivista Concello de Monforte de Lemos)

Secretario: José María Valcarce Rodríguez (TAX Concello de Monforte de Lemos)

Suplente: M^a Teresa Diz Alonso (Tesoureira Concello de Monforte de Lemos)

Vogal: María Inmaculada Buján Arias (TAX Concello de Monforte de Lemos), José Martínez Rodríguez (Auxiliar Administrativo Concello de Monforte de Lemos), Elisa Martínez Arias (TAX Concello de Monforte de Lemos).

Suplentes: Angel Juan Encinar Arias (Aparellados Concello de Monforte de Lemos), Carlos Rodríguez Fernández (Animador socio Cultural Concello de Monforte de Lemos) e Isabel Carbones Bosch (TAX Concello de Monforte de Lemos).

Actuaran como asesoras con voz pero sin voto a Directora Psiquiatra da UAD de Monforte de Lemos Ana Fernández Sobrino e a Técnico Superior de Servizos Sociais Dona Belén López Somoza.

O Tribunal de Selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e a súa composición publicarse tanto na páxina web como no taboleiro de anuncios do concello.

O tribunal non poderá actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros titulares ou suplentes.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 28 e 29 da Lei 30/92 de 26 de Novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria, da suxeición aos prazos establecidos para a realización das probas e para a publicación dos resultados. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

6.2.- Incorporación de asesores/as e persoal de colaboración:

Se fose necesario dada a natureza das probas, poderán nomearse asesores/as técnicos/as especialistas, mediante resolución da Alcaldía, que deberán contar con titulación, o no seu caso, especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso a praza convocada.

6.3.-Asistencias e gastos de manutención e desprazamento:

Os membros do Tribunal e o persoal asesor e colaborador terán dereito a percibir en concepto de asistencias e gastos de manutención e desprazamento as contías correspondentes conforme determina o Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, de indemnizacións por razón de servizos, tendo en conta as actualizacións vixentes na data do feito causante.

SEGUNDO: Notificar ós interesados

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos, na data arriba indicada, ante mín O Secretario, que dou fe.

O ALCALDE.

SEVERINO RODRIGUEZ DÍAZ.

O SECRETARIO.

JOSÉ M^a BAÑOS CAMPO